

EN DEFENSA DA IDENTIDADE E DA LINGUA GALEGAS POLA MELLORA DO ENSINO PÚBLICO POLA CONVIVENCIA SOCIAL

Pesia proclamar a pretensión dun plurilingüísmo na escola como algo novo cando xa existe desde hai anos, ignora que se poden cursar materias en lingua inglesa e na actualidade se poden estudar materias en diversas linguas estranxeiras, amais do inglés.

É unha falsidade que tres linguas en situación distinta se poidan tratar de forma igual

É un ataque despiadado, premeditado e aleivoso contra a Lingua Galega, un dos sinais de identidade do pobo galego, -e, en consecuencia, contra todo o pobo galego,- pretendendo a súa marxinação e, por iso mesmo, o seu exterminio:

-recúa a presenza do galego no sistema educativo a un teórico 33%, cando nin iso se asegura

-permite o uso oral e escrito doutras linguas nas materias en galego

-non garante axudas nin medios materiais para impartir esas materias

-posibilita que en diversos niveis educativos nin se imparta ningunha materia en galego nin sequera se ensine a lingua galega ou en lingua galega

É o detoante dunha segura, ameazante e estendida CONFLITIVIDADE SOCIAL na sociedade galega, nomeadamente entre as familias nos propios centros educativos e co profesorado:

-conflitividade social porque uns **pais impoñerán a outros a lingua na que se impartirán as materias** aos seus fillos e fillas, podendo chegarse ao caso de que un só pai ou nai impoña a todo un grupo

-conflitividade social porque haberá segregación por linguas

-conflitividade social porque moitas familias para non verse perseguidas polo resto terán que cambiar de centro aos seus fillos

-conflitividade social porque non haberá garantía de poder cambiar debidamente de centro ao non haber un currículo mínimo común garantido nas mesmas linguas

-conflitividade social porque nuns casos as familias votarán cada catro anos impoñendo o resto dos anos a todos o resultado e impedindo a moitos pais poder elixir ou cambiar

-conflitividade social porque as votacións se realizarán a principio de curso, topándose xa que logo cunha situación que pode ser distinta da prevista, sen libros de texto a tempo, recursos, profesorado, etc

É un ataque furibundo para provocar aínda máis DETERIORO NO ENSINO PÚBLICO dado que na privada mediante o ideario de centro evítase toda discusión ou exercicio de dereitos, porque as clases podentes acoden ao ensino privado e a lingua prestixiada é o castelán:

-deterioro no ensino público porque non hai condicións inda hoxe para impartir debidamente a lingua estranxeira, tales como menor número de alumnado por aula, medios materiais, recursos, etc

-deterioro no ensino público porque non hai nin haberá os medios para impartir moitas outras materias en lingua estranxeira

-deterioro no ensino público porque non se poñen os medios para mellorar a ensinanza das linguas propias, facendo ao alumnado máis competente nelas, neccidade que se desprende do Informe Pisa, entre outros

-deterioro no ensino público porque non se baixa o número de alumnado por aula en

educación infantil, non hai profesorado de apoio, péchanse unidades e centros, non hai suficientes substitucións, non hai persoal administrativo nos centros, non se implantan debidamente as novas tecnoloxías... é dicir, non se melloran as condicións para impartir un ensino de calidade e en competencia coa privada

–deterioro no ensino público porque se lle retiran ao profesorado as competencias propias da súa profesión, anulando a súa autonomía pedagóxica, entre outras

–deterioro no ensino público porque as familias estarían condicionando, cuestionando, hipotecando constantemente o labor diario do profesorado

–deterioro no ensino público porque se introduce a presenza de comisarios políticos en órganos internos de funcionamento referidos exclusivamente ao pedagóxico, chegando a incorporar tamén ao persoal subalterno

Desde un punto de vista pedagóxico, alonxa as posibilidades de cumprir o establecido na lexislación educativa sobre competencia lingüística polo que non se aseguraría, antes ao contrario, a competencia lingüística en lingua galega, nin, moito menos aínda, se garantiría a equivalencia de coñecementos entre o galego e o castelán ao remate do ensino obrigatorio.

A introdución forzada do ensino de materias tañes como ciencias, linguas, arte, filosofía, matemáticas, física... en lingua estranxeira incrementa a dificultade para o alumnado e aumentará a súa falta de competencia. Ás dificultades que moitas materias conlevan, engadiríase a da lingua estranxeira, o cal repercute negativamente e máis aínda no alumnado escaso de medios ou aquel que precisa de apoio.

Son as autoridades educativas as que teñen o deber e a competencia de tomar decisións referentes aos currícula e aos aspectos organizativos da educación, incluído o emprego da lingua vehicular nas aulas e nos centros docentes, polo que non corresponde baixo ningún concepto unha inhibición tal que permita ás familias tal decisión.

Facendo, nalgúns niveis, admeais a escolla lingüística cada catro anos, daríase a situación de que as familias votantes ese ano impondrían a súa opción aos restates dos outros tres anos, impedindo o seu proclamado dereito de elección.

Non só pon en cuestión unha vez máis ao profesorado, senón que provocaría unha diversidade curricular entre todos os centros tal que se convertería nunha causa de fortes fracturas sociais.

Por outra banda, abre a veda a ter que lle consultar tamén a pais e nais pola pertinencia doutras materias ou sobre canto aspecto referido ao ensino cada quen estime oportuno.

Fomentará, así mesmo, o aumento da conflictividade nos centros ao coutar o labor de normalización lingüística do profesorado. Sendo como é a lingua unha cuestión sensible, o feito de introducir ás familias na imposición da lingua ao profesorado suporá un detrimento ostensible da convivencia nos centros.

Aumentará, sen dúbida, o fracaso escolar e provocará unha fonda fonda na convivencia escolar existente hoxe nos centros e que no lingüístico tantos anos costou acadar.